



profesores e profesoras e solicitará os apoios necesarios dos órganos existentes para o efecto dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### **Artigo 93º**

Os proxectos curriculares de etapa e as súas modificacións anuais serán aprobados polo claustro de profesores.

### **Artigo 94º**

Os proxectos curriculares de etapa incluirán:

1. As directrices xerais e as decisións seguintes:
  - a) A adecuación dos obxectivos xerais da educación secundaria obligatoria, do bacharelato e da formación profesional específica ó contexto socioeconómico e cultural do instituto, e ás características dos alumnos e alumnas, tendo en conta o establecido no proxecto educativo do instituto.
  - b) Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía.
  - c) Os procedementos para avalia-la progresión na aprendizaxe do alumnado e os criterios e promoción de ciclo ou curso.
  - d) Orientacións para incorporar, a través das distintas áreas da educación secundaria obligatoria, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, sexual, para a saúde, a educación do consumidor e a vial.
  - e) Criterios e procedementos previstos para organiza-la atención á diversidade dos alumnos e alumnas. Cando existan alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais incluiranse os criterios para realiza-las adaptacións curriculares apropiadas para estes alumnos e alumnas.
  - f) Criterios para avaliar e, se é o caso, revisa-los procesos de ensino e a práctica docente dos profesores e profesoras.
  - g) Criterios sobre organización dos contidos das distintas áreas ou materias para favorece-lo seu tratamento interdisciplinar.
  - h) As características e o tipo de informes ás familias que se utilizarán para transmiti-la información que se desprende da avaliação.
2. O plano de orientación académica e profesional e o plano de acción titorial.
3. As programacións didácticas dos departamentos, reguladas no artigos 95, 96 e 97 deste regulamento.

### **Artigo 95º**

Cada departamento elaborará a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, agrupadas nas etapas correspondentes, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

### **Artigo 96º**

A programación didáctica dos departamentos incluirá, necesariamente, os seguintes aspectos para cada unha das áreas, materias e módulos asignados ou integrados nel, como consecuencia do establecido no artigo 72 deste regulamento:

- a) No caso da educación secundaria obligatoria, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliação para o primeiro ciclo e para cada un dos cursos do segundo ciclo, con especial referencia ós mínimos esixibles.
- b) No caso do bacharelato e dos ciclos formativos, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliação para cada curso, con especial referencia ós mínimos esixibles.
- c) A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- d) Os procedementos de avaliação da aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
- e) As actividades de recuperación para os alumnos e alumnas de bacharelato e ciclos formativos con materias ou módulos pendentes e os reforzos para logra-la devandita recuperación.
- f) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos e alumnas.
- g) A programación correspondente ós temas transversais.



- h) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o departamento.
- i) As medidas de atención á diversidade, se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos e alumnas que as precisen.

#### **Artigo 97º**

Os profesores e profesoras programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas dos departamentos ós que pertenzan, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algúm profesor ou profesora decida incluír na programación da súa actividade docente algúmha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta varia-ción, e a xustificación correspondente, incluirase na programación deste, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

#### **Artigo 98º**

A inspección educativa supervisará o proxecto curricular para comproba-la adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccíons que procedan.

### ***Capítulo III: Regulamento de réxime interior***

#### **Artigo 99º**

O regulamento de réxime interior será elaborado polo equipo directivo e aprobado polo Consello Escolar. Incorporarase ó proxecto educativo de centro.

#### **Artigo 100º**

Deberá concretar, tendo en conta os recursos e características propias do centro, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A organización práctica da participación de tódolos membros da comunidade educativa.
- b) Normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunida-de educativa.
- c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e xefes de departamento, titores, equipo de normalización lingüística, coordinador de formación en centros de traballo, etc.
- d) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- e) Organización dos espacios e instalacións do instituto. Normas para o correcto uso.
- f) Funcionamento dos servicios educativos do centro.

#### **Artigo 101º**

A inspección educativa supervisará o regulamento de réxime interior para comproba-la súa ade-cuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e in-dicará as correccíons que procedan.

### ***Capítulo IV: Programación xeral anual***

#### **Artigo 102º**

1. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo do instituto e terá en conta as propostas do claustro e as directrices do Consello Escolar.
2. Os distintos sectores da comunidade educativa, a través das súas organizacións ou indivi-dualmente, poderanlle presenta-las propostas que coiden convenientes ó equipo directivo pa-ra a programación xeral anual.

#### **Artigo 103º**

A programación xeral anual será informada polo claustro de profesores no ámbito da súa compe-tencia e elevada, para a súa aprobación posterior, ó Consello Escolar do instituto, que respectará, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.

#### **Artigo 104º**

1. A programación xeral anual incluirá os seguintes documentos:
  - a) Obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, medidas que se van desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto.